

**M^a DA CONCEPCIÓN MARTÍNEZ TABOADA, SECRETARIA-INTERVENTORA
DO CONCELLO DE TOÉN (OURENSE)**

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno local do Concello de Toén (Ourense), na sesión que tivo lugar o día 21/08/2020 adoptou, entre outros, o acordo que de seguido se transcribe na súa literalidade, a reserva do que resulte da aprobación da acta correspondente:

“

6.2. Solicitud de subvención da Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras para a adquisición de libros para a biblioteca (Exp. 244/2020)

Dáse conta da instancia presentada por Jesús Álvarez Álvarez, en nome e representación da Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras, con CIF G32030355, pola que solicita a concesión dunha axuda económica para a adquisición de libros para a biblioteca.

A entidade solicitante figura inscrita no rexistro municipal de asociacións do Concello de Toén en virtude do decreto da Alcaldía de data 07/08/2006. A persoa física que a representa figura no rexistro co cargo de presidente, como consecuencia da comunicación relativa ao cambio da Xunta Directiva desta asociación recibida no Concello (rexistro de entrada nº 1761, de data 04/08/2017).

Nas bases de execución (base 24^a, apartado 1) do orzamento do Concello de Toén para o exercicio 2020 consta unha axuda con carácter nominativo para a entidade Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras, con CIF G32030355, por importe de 1.000 €, con destino ao financiamento da adquisición de libros para a biblioteca.

De acordo co disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e na Ordenanza reguladora da concesión de subvencións aprobada polo Pleno da Corporación na sesión que tivo lugar o día 18/11/2004, publicada no BOP nº 19, do 25/01/2005, a Xunta de Goberno Local, co voto favorable de todos os seus membros e en uso das atribucións delegadas pola Alcaldía mediante decreto de data 16/06/2020 (BOP nº 151, do 03/07/2020), ACORDA:

PRIMEIRO.- Concederlle á Asociación de veciños de San Pedro de Moreiras, con CIF G32030355, unha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no artigo 5.b.1 da Ordenanza reguladora de subvencións deste concello polo importe de 1.000,00 €, conforme ao previsto na base 24^a das bases de execución do orzamento municipal para o exercicio 2020, con cargo á aplicación 330.48 do estado de gastos do orzamento. A cantidade concedida irá destinada exclusivamente a sufragar os gastos derivados da adquisición de libros para a biblioteca. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedente doutras administracións ou entes públicos ou privados, se ben en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderá superar o custo da actividade subvencionada.

SEGUNDO.- O pagamento da subvención realizarase unha vez concluída a actividade e previa a presentación da conta xustificativa do gasto realizado.

TERCEIRO.- De acordo co establecido no artigo 75 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se



aproba o Regulamento da Lei 3/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; e no artigo 10 da Ordenanza reguladora da concesión de subvención do Concello de Toén, a entidade beneficiaria deberá presentar nas oficinas municipais antes do día 21/12/2020 a conta xustificativa que conterà a seguinte documentación:

- ✓ Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- ✓ Facturas orixinais ou compulsadas xustificativas do investimento da subvención na finalidade para a que foi concedida. Xustificarse o seu pagamento.
- ✓ Declaración subscrita polo beneficiario ou o seu representante relativa á inexistencia doutras subvencións ou axudas que obtiveran para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa dos outros ingresos ou axudas que financiasen a actividade, con indicación do seu importe e procedencia.
- ✓ Un exemplar do programa, cartel anunciador ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento das actividades da entidade debendo constar neles o patrocinio do Concello de Toén.
- ✓ Acreditar atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria e Consellería de Facenda) e de Seguridade Social. Presentarase unha declaración responsable na que se faga constar tal circunstancia.

.....”

E para que conste e produza os efectos oportunos, expido a presente certificación por orde e co visto e prace do alcalde.

(Documento asinado electronicamente na marxe)



Cod. Validación: 9QGKGKWTLYWJRFSTZY79JKT | Corrección: https://concello.toen.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2